


..... Lección 9 .....

# Ao mal tempo, boa cara

# 0 tempo



- |                            |                       |             |
|----------------------------|-----------------------|-------------|
| 1 borrasca                 | 7 choiva [chuvia]     | 13 humidade |
| 2 isobaras                 | 8 nubrado             | 14 tornado  |
| 3 nubrado                  | 9 raiola              | 15 vento    |
| 4 Folerpa                  | 10 solleiro           | 16 marexada |
| 5 xeada                    | 11 aco da vella       |             |
| 6 pedra   pedrazo, sarabia | 12 lóstrego   relampo |             |



### Como falar do clima

Vai frío/calor/sol/vento/aire/néboa  
 Chove, neva...  
 Hai treboada  
 Está nubrado/soleado/chuvioso  
 Hoxe o día está anubrado  
 Mañá o día estará solleiro  
 Hai moita brétema no mar  
 A semana estivo chuviñenta  
 Onda o mar o clima é húmido  
 O día estivo tépedo | morno  
 No inverno caen moitas xeadas



### Como expresar...

**Cando cae a chuvia:** chover  
**Cando cae chuvia moi finiña:** chuviñar, poallar, orballar  
**Cando deixa de chover:** escampar  
**Cando sae o sol:** despexar  
**Cando baixan as temperaturas:** arrefriar  
**Cando cae a neve:** nevar  
**Cando hai moitas nubes:** nubrar, anubrar  
**Cando baixan as temperaturas:** refrescar  
**Cando cae sarabia:** sarabiar  
**Cando hai moito vento:** zoar, ventar  
**Cando hai moitos lóstregos:** lostrega  
**Cando se forma xeo:** xear



### A acentuación

Palabras agudas	Levan til cando son polisílabas e rematan en vogal, en vogal + n, en vogal +s ou en vogal + ns	<i>café, alí, irmán, alguén, ninguén, ningún, mazás, cadrís, corazóns, algúns, comúns</i>
	Non levan til cando son monosílabas nin cando acaban en ditongo decrecente (seguido ou non de n ou s) ou noutra consoante que non sexa -n ou -s	<i>xa, fe, di, si, cu, can, len, din, don, fun, tres, amei, amou, seguiu, recibiu, colleu, ademais, capitais, papeis, azuis, capital, papel, cantar</i>
Palabras graves	Levan til cando rematan en consoante distinta de -n ou -s e en grupos consonánticos distintos de -ns	<i>móbil, carácter, bíceps, clímax</i>
	Levan til as palabras graves con ditongo decrecente na última sílaba	<i>amábeis</i>
	Non se acentúan as palabras graves rematadas en vogal, vogal + n, vogal + s ou vogal + ns	<i>canta, cantara; cantan, cantaran; cantas, cantaras, lapis; canons, colons, dolmens</i>

## Lección 9

<b>Palabras esdrúxulas</b>	Levan sempre til	lámpada, máxica, mágoa, tépedo, tónico, túnica
<b>Acentuación de i, u en hiato</b>	As vogais i, u van antes ou despois dunha vogal átona levan til para indicar que ambas as vogais pertencen a sílabas distintas e que, polo tanto, non forman ditongo.	aínda, baúl, caída, constituíu, egoísmo, miúdo, prexuízo, raíña, raíz, roía, ruído, saía, saír, traía, túa, xuízo *Pero prohibido (por levar h intercalada)
	Non levan til as vogais i, u tónicas que forman ditongo crecente ou decrecente coa vogal que as segue ou que as precede	bilingüismo, puido, partiu, seguiu
<b>Os estranxeirismos</b>	Seguen as regras de acentuación enunciadas anteriormente (nalgúns casos poden manter a grafía da lingua orixinal para remarcar a súa orixe, neste caso debe levar cursiva).	Agudas: autobús, iglú, popurrí, puré, ralentí, tabú, vermú, iglús, purés, xampús, aerosol, anorak, argot, autocar, autostop, ballet, boicot, neceser, relax, voleibol
		Graves: accésit, béisbol, cénit, ídem, karaoke, líder, álbum, superávit, tándem, télex, tótem, harakiri, ioga, lapilli, mitin, penalti, pizza, quimono, ravioli
	As palabras rematadas graficamente en -y teñen o mesmo tratamento ca as rematadas en -i	spray (coma convoi, samurai), hóckey, hippy, hobby, rugby, whisky
<b>Outros casos</b>	Os adverbios rematados en -mente non levan til.	comunmente, dificilmente, rapidamente
	Tampouco se acentúan as formas do interrogativo e exclamativo	Que che gusta? Cando vés? Como me queda?
	As palabras agudas que acaban en ditongo decrecente seguido de n ou s, en galego non levan til e cando son graves si.	Ademais



## Ligazóns de interese

- >> Formas de chamarlle á chuvia
- >> As cen palabras en galego para designar a choiva
- >> Trailer *O que arde*
- >> Exercicios para reforzar a acentuación
- >> Meteogalicia



## Notas da sesión